

# PROCEDIMIENTO DE ADMISIÓN E MATRÍCULA - IES MURALLA ROMANA CICLOS FORMATIVOS CURSO 2023/24

## A) ADMISIÓN

Información e solicitude web: [www.edu.xunta.gal/fp](http://www.edu.xunta.gal/fp). Debe realizar unha única solicitude para cada grao utilizando o asistente informático dispoñible en <https://www.edu.xunta.gal/ciclosadmission/>

A solicitude non terá validez se non está selada, datada e validada polo centro, agás no caso de que a aplicación indique que está validada e que non é preciso entregala nun centro.

ADMISIÓN		MATRÍCULA
Presentación de solicitudes	<b>23 de xuño ao 5 de xullo ás 13:00 h</b>	
Listaxe provisional de solicitudes	10 de xullo	
Reclamación á listaxe provisional	10 ao 12 de xullo ás 13:00 h	
Listaxe definitiva de solicitudes	19 de xullo	
1ª adxudicación	19 de xullo	19 ao 24 de xullo ás 13:00 h
2ª adxudicación	27 de xullo	27 ao 31 de xullo ás 13:00 h
3ª adxudicación	1 de setembro	1 ao 6 de setembro ás 13:00 h

Estar matriculado/a en calquera ensinanza, incluída a FCT, implica a renuncia a participar no proceso de admisión a ciclos.

## B) MATRÍCULA

A matrícula pode ser **TELEMÁTICA (réxime ordinario, distancia e cursos de especialización)** ou **PRESENCIAL** (obrigatorio para **adultos presencial** e optativo para os demais réximes), sempre dentro dos **prazos fixados** no calendario **para cada adxudicación**.

### 📌 Matrícula **TELEMÁTICA**

Farase a solicitude/reserva de matrícula na praza adxudicada a través da aplicación informática que se atopará no enderezo <http://www.edu.xunta.gal/fp> no prazo indicado para cada adxudicación.

A documentación complementaria poderase presentar ata o 22 de setembro de 2023 na secretaría do centro ou a través do correo electrónico [secretaria.ies.muralla.romana@edu.xunta.gal](mailto:secretaria.ies.muralla.romana@edu.xunta.gal), indicando no asunto "documentación complementaria matrícula".

A non presentación da documentación complementaria pode ser causa da anulación da matrícula ou baixa de oficio.

### 📌 Matrícula **PRESENCIAL**

Debe imprimir a solicitude de matrícula xa cuberta na mesma aplicación informática e presentala no centro xunto coa documentación complementaria nos prazos fixados no calendario para cada adxudicación.

Para o réxime de **persoas adultas**, modalidade **presencial non será posible** realizar a solicitude de **matrícula** na praza adxudicada a **través de internet**, aínda que sí será posible facer a RESERVA dos módulos adxudicados para finalmente presentar unha única solicitude de matrícula no centro segundo as instrucións que se publiquen na web <http://www.edu.xunta.gal/fp>.

### **Documentación complementaria:**

- 2 fotos e fotocopia do DNI (alumnos que se matriculen por 1ª vez no centro)
- Os menores de 28 anos deben ingresar 1,12 € na conta ES56 2080-0165-783040015491 de Abanca para o Seguro escolar e xuntar o xustificante do pagamento.

Segundo as instrucións recibidas de Abanca, pode realizar o pago mediante transferencia bancaria indicando no concepto o nome do alumno/a, ingreso nos caixeiros de Abanca ou ingreso en efectivo na oficina de ABANCA da Rúa Progreso, 20 en Lugo de luns a venres (neste último caso a oficina pode cobrar unha comisión por esta operación)

## C) CICLOS LIBERADOS

A solicitude de matrícula en prazos liberadas deberase facer no Anexo I (réxime ordinario) ou Anexo II (adultos) dispoñibles na páxina [www.edu.xunta.gal/fp](http://www.edu.xunta.gal/fp) e presentala na secretaría do centro acompañada da documentación complementaria e da **titulación** esixida para o acceso o ciclo.

Os prazos e ciclos nos que se poderá realizar esta matrícula publicaranse na mesma páxina.